

Acta da asemblea ordinaria da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL)

LUGAR: Restaurante Espazo Cultural A Nave de Vidán (Avda. da Mestra Vitoria Míguez 44, Santiago de Compostela)

DATA: sábado, 8 de marzo de 2014

HORA DE COMEZO: 12. 25 h

HORA DE REMATE: 13. 45 h

NÚM. DE ASISTENTES: 17 persoas

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación da acta da asemblea anterior
2. Admisión de novas/os socias/os e ratificación de baixas
3. Exposición, debate e aprobación do informe de xestión
4. Exposición, debate e aprobación do informe de contas
5. Presentación e aprobación do orzamento para o vindeiro exercicio
6. Exposición, debate e aprobación do plan de acción para o próximo exercicio
7. Elección da nova Xunta Directiva
8. Rolda aberta de intervencións

DELIBERACIÓNS

1. Lectura e aprobación da acta da asemblea anterior

A secretaria, Rosa Moreiras, somete a votación a aprobación da acta da asemblea do ano 2013 (achégase como **Anexo 1**) e esta apróbase por unanimidade.

2. Admisión de novas/os socias/os e ratificación de baixas



A tesoureira, Dores Sánchez, explica que durante o período interasemblemario 2013-2013 rexistrouse a solicitude de alta de 3 novos socios e socias. Neste mesmo período rexistráronse 7 baixas.

A Coordinadora, en febreiro de 2014, conta con 205 persoas asociadas.

Vótase e apróbase por unanimidade a proposta de altas e baixas presentada pola directiva (**Anexo 2**).

3. Exposición, debate e aprobación do informe de xestión

O presidente, Nel Vidal, presenta e comenta e somete a avaliación o informe/memoria de xestión correspondente ao período interasemblemario 2012-2013 (achégase como **Anexo 3**). A valoración xeral por parte da directiva é positiva, pois cumpriuse boa parte do plan de traballo probado na asemblea anterior

Ábrese unha quenda de intervencións na que ninguén pide a palabra. Vótase e apróbase por unanimidade o informe de xestión.

4. Exposición, debate e aprobación do informe de contas

A tesoureira, Dores Sánchez, expón o informe económico que se achega como **Anexo 4** e ábrese unha quenda de intervencións.

Xusto Rodríguez comenta que o gasto en comisións bancarias lle parece elevadísimo e desde a asemblea vanse analizando posibles alternativas para abaratar eses custos (sacar parte dos cartos da conta e negociar con outra entidade para aumentar os xuros; cobrar directamente as matrículas; renegociar con Nova Galicia Banco, cambiar de entidade...)

Coméntase tamén que Nova Galicia Banco era a entidade que daba máis facilidades coa banca electrónica e fálase da relativa complexidade que pode implicar domiciliar de novo o pagamento dos socios e socias nunha entidade diferente.

Acórdase que a directiva, na medida das súas posibilidades, pida información noutras entidades (Caixa Rural, banca ética...) e que intente renegociar con Nova Galicia Banco unha rebaixa nas comisións.

A continuación vótase e apróbase por unanimidade o informe económico de 2013 (desde o 18/02/2013 ao 1/01/2014).



5. Presentación e aprobación do orzamento para o vindeiro exercicio

6. Exposición, debate e aprobación do plan de acción para o próximo exercicio

Estes dous puntos son presentados polo presidente, Nel Vidal, invertendo a orde, primeiro exporase o plan de acción e a seguir as previsións orzamentarias

O presidente presenta o informe no que se recollen as principais liñas de acción propostas pola Xunta Directiva para o período interasemblea 2014-2015 (achégase como **Anexo 5**) e as previsións orzamentarias para o mesmo período (**Anexo 6**).

En canto ás accións formativas, explícase que a proposta presentada é froito dunha consulta entre todos os socios e socias nas datas previas á asemblea.

En canto ás previsións orzamentarias, Nel Vidal aclara que están calculadas sobre máximos e que o feito de que recollan máis gastos que ingresos, responde ao obxectivo de investir en normalización lingüística os excedentes da CTNL acumulados ao longo dos últimos anos, de xeito que se marque unha liña de 3000 / 3500 euros máis de gastos que de ingresos en cada anualidade.

A seguir ábrese unha quenda de intervencións:

Olga Patiño comenta que para o obradoiro/curso de formación para a creatividade e motivación se valore a posibilidade de traballar coa xente de LEGO, de xeito que alguén da CTNL faga un curso de formador da técnica LEGO e que logo esa persoa poida impartir cursos aquí.

Iníciase un debate sobre o interese da actividade e sobre cal sería a fórmula máis axeitada:,que a CTNL custee o gasto que implica a formación dunha persoa co compromiso de que a persoa que se vaia formar imparta logo os cursos que previamente se pacten para todas as persoas interesadas / que se lle encargue ese curso a unha persoa/empresa e que esa persoa/empresa se forme pola súa conta para poder impartir...

Acórdase incluír como proposta de formación o obradoiro de LEGO reformulando así o obradoiro para a formación en creatividade que aparece nas propostas de acción. A directiva mirará a posibilidade de pólo en marcha custeándolle a formación previa ou contratándolle un curso para impartir desde a CTNL e que esa persoa custee a formación pola súa conta.

Anxos Sobriño propón cambiar de data a convocatoria do Viveiro para facilitar a asistencia, xa que nos meses que se viña convocando (previos ao verán) vense como datas pouco axeitadas. Acórdase realizar a convocatoria a finais de ano ou nos primeiros meses de 2015, antes da asemblea.

Nel Vidal comenta tamén a necesidade de incentivar a difusión de Agasalho, mesmo contratando unha persoa para que contacte coas empresas e lles facilite a xestión.



Sométense a votación tanto as previsións orzamentarias como as propostas de acción para o período interasemblea 2014 -2015 e apróbanse por unanimidade.

7. Elección da nova Xunta Directiva

O presidente, Nel Vidal, antes de presentar única candidatura existente á Xunta Directiva para os vindeiros dous anos, comenta a baixa voluntaria de Iván Méndez, persoa que ocupaba o cargo de vogal, e agradécelle a súa dedicación. A asemblea despídeo cun aplauso.

A seguir, presenta a candidatura á Xunta Directiva. Esta candidatura é a seguinte:

- Presidente: Nel Vidal Barral (DNI: 52 930 089 M)
- Secretaria: Rosa Moreiras Cuñarro (DNI: 76 814 819 V)
- Tesoureira: Rebeca Carballo Coello (DNI: 36 132 588 W)

- Vogais:

Xosé Blanco Alborés (DNI: 79 312 002 K)

Anxo Otero Montero (DNI: 76 969 604 N)

Isabel Vaquero Quintela (DNI: 34 966 776)

David Cobas Medín (DNI: 44 823 453 H)

Dores Sánchez Alegre (DNI: 32 780 738 B)

Silvia Muíño Naveira (DNI: 79 330 969 J)

Comenta ademais que, tamén por decisión propia, Dores Sánchez deixa o cargo de tesoureira que ocupou durante os dous últimos anos e no seu lugar encargárase da Tesouraría Rebeca Carballo Coello. A asemblea agradécelle o traballo realizado a Dores Sánchez e a disposición de Rebeca Carballo para ocuparse da Tesouraría.



ctnl
Coordinadora de Traballadores/as
de Normalización da Lingua

Coordinadora de Traballadores/as de Normalización
da Lingua (CTNL)
CIF: G-15542897
Apdo. 170 Santiago de Compostela
Tfno.: 629 571 950
info@ctnl.org / www.ctnl.org

Presentada a candidatura vótase e aprobase a súa elección con 15 votos a favor e unha abstención.

9. Rolda aberta de intervencións

Ábrese unha rolda de intervencións na que ninguén toma a palabra.

E sen máis asuntos que tratar, ás 13.45 h , o presidente deu por rematada a asemblea, da que levanto acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace

O presidente

Rosa Moreiras Cuñarro

Nel Vidal Barral



CTNL
Coordinadora de Traballadores/as
de Normalización da Lingua

Coordinadora de Traballadores/as de Normalización
da Lingua (CTNL)
CIF: G-15542897
Apdo. 170 Santiago de Compostela
Tfno.: 629 571 950
info@ctnl.org / www.ctnl.org

LISTAXE DE ANEXOS

- **ANEXO 1:** Acta da asemblea ordinaria da CTNL de 2013
- **ANEXO 2:** Informe de altas e baixas de socios/as na CTNL durante o período interasemblembr 2013-2014
- **ANEXO 3:** Informe - memoria de xestión da CTNL do período interasemblembr 2013-2014
- **ANEXO 4:** Informe económico de 2013 (desde o 18/02/2013 ao 1/01/2014)
- **ANEXO 5:** Propostas de acción da CTNL para o período interasemblembr 2014-2015
- **ANEXO 6:** Previsións orzamentarias da CTNL para 2014
- **ANEXO 7:** Candidatura á Xunta directiva da CTNL 2014-2015